



Dende a Xefatura Territorial consideramos necesario que se poña en funcionamento, de novo, o sistema de quendas para a atribución de funcións de auxilio xudicial.

As persoas interesadas deberán formalizar a súa solicitude ante a Xefatura Territorial de Ourense a través do formulario electrónico dispoñible na Oficina Virtual do Persoal da Administración de Xustiza (OPAX).

Segundo o disposto no artigo 18 da resolución de 18 de maio de 2022 da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se regulan as substitucións entre persoal funcionario no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia:

- As quendas serán de dispoñibilidade permanente, voluntaria e retribuída, por períodos de 15 días.
- A participación nas quendas dará dereito á percepción de 111,45 euros por cada período de 15 días de dispoñibilidade, sen prexuízo das retribucións que poidan corresponder pola prestación do servizo de garda.
- A dispoñibilidade entenderase referida a calquera órgano da localidade onde o persoal funcionario teña o seu posto de traballo e a calquera orde xurisdiccional.

Inicialmente preténdese formar dúas quendas integradas por 3 persoas cada unha.

Debido á necesidade de que as quendas se poñan en funcionamento á maior brevidade, iranse integrando as persoas segundo vaian solicitando.

No caso de que fora necesario establécense os seguintes criterios de preferencia:

- 1º. Que a persoa solicitante pertenza a unha unidade na que haxa máis dun auxilio.
- 2º. Non ter prolongación de xornada.
- 3º A antigüidade no corpo.

Durante os períodos de vacacións máis complicados (nadal, verán e setembro) deberá procurarse que a lo menos haxa 3 persoas dispoñibles en cada quenda podendo repetir quincena.

Estamos a vosa disposición para calquera información adicional que vos interese.

Ourense, 5 de outubro de 2023